

correlingua



BASES PARA O CONCURSO CANTALINGUA 2025

1. Cantalingua é un concurso musical destinado a bandas ou solistas que desenvolven a súa actividade en galego, organizado polo Correlingua.
2. Poden participar grupos musicais ou solistas de calquera estilo que teñan o galego como lingua.
3. Poderase participar cunha canción por cada grupo ou solista que será enviada en formato mp3 a correlingua@gmail.com desde o 15 de xaneiro ata as 24h do 20 de febreiro de 2025.
4. A canción que se presente deberá ser orixinal -fican excluídas as versións- e en lingua galega.
5. Excluíranse as cancións que teñan contidos de carácter sexista, homófobo, racista, violento, discriminatorio, en definitiva, contidos inadecuados ou contrarios aos fins pedagóxicos e educativos do Correlingua ou que a organización considere pouco adecuados para o público destinatario.
6. Ademais do tema en formato MP3 deberase enviar unha pequena presentación da banda completa ou solista, unha fotografía, e indicar os seguintes datos: enderezo fiscal, enderezo electrónico, teléfono e persoa de contacto, sitio web e link ás súas RRSS
7. As cancións participantes colgaranse na páxina correlingua.gal/cantalingua/ e publicitaranse por outras canles e redes sociais para que cheguen ao maior número de persoas posíbel. Tamén se creará unha *playlist* en Spotify que será compartida cos centros de ensino participantes do Correlingua.
8. O xuri estará integrado por alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato de centros participantes no Correlingua e por membros da organización do Correlingua, e determinará os grupos ou solistas gañadores.
9. Os grupos gañadores serán dados a coñecer en marzo de 2025 a través da páxina web e RRSS do Correlingua.

10. O premio consistirá en actuar dentro da programación do Correlingua. As actuacións repartiranse entre os tres primeiros clasificados de maneira equitativa, cunha remuneración de:

600€ brutos* por actuación dun/ha solista

800€ brutos* por actuación de grupo ata 3 compoñentes

1.100€ brutos* por actuación de grupo ata 5 compoñentes

1.300€ brutos* por actuación de grupo de 6 ou máis compoñentes

No caso de que algún dos gañadores non puidese participar nalgún dos concertos a lista irá correndo até completar todas as datas cos grupos.

*Con todos os impostos e dereitos de autor incluídos

11. Todos os concertos serán pola mañá, no mes de maio de 2025 e terán unha duración aproximada de trinta minutos nos concertos compartidos e 50 minutos nos feitos en solitario.

12. Para poder participar nas actuacións e Festas do Correlingua 2025 é imprescindible presentarse ao concurso Cantalingua.

13. Os grupos seleccionados comprométese a que todo o concerto e a comunicación dos grupos que actúen no Correlingua sexa integramente en galego. As letras deberán ser axeitadas ao carácter pedagóxico da actividade e á idade do alumnado que vai de infantil a secundaria. O comportamento e a linguaxe empregada durante as actuacións debe axustarse ao público.

14. En caso de incumprimento do punto anterior a organización do Correlingua reserva para si o dereito de cancelar os seguintes concertos do grupo e anular o premio concedido inicialmente.

15. A participación no concurso implica a aceptación destas bases.

Correlingua
www.correlingua.gal
Facebook, Twitter, Instagram: Correlingua
Avenida de Lugo 2A, entresollado A
15702- Santiago de Compostela
tlf: 698180557